

SECCIÓN DE ENERXÍA DA XEFATURA TERRITORIAL DA CORUÑA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

Rúa Vicente Ferrer, número 2, 2º andar

15071 A Coruña

Alegacións ao proxecto de interese autonómico (PIA) do proxecto do parque eólico Bustelo e Baralláns, nos concellos de Cabana de Bergantiños e Coristanco (expediente IN408A 2020/61), DOG Núm. 172, de 9 de setembro de 2022.

Don/Dona _____ con DNI. Número
_____, con domicilio a efectos de notificacións en
_____, municipio de _____,
provincia _____, teléfono _____.

EXPÓN:

Por medio do presente escrito presenta as seguintes **ALEGACIÓNS:**

I.- DIVISIÓN ARTIFICIOSA AOS EFECTOS AMBIENTAIS DO QUE É UN ÚNICO PARQUE EÓLICO

O proxecto da liña de evacuación non se somete a exposición pública, non tendo por tanto acceso ao contido da documentación ambiental.

Os parques eólicos Alto do Torreiro e Bustelo -Baralláns son na realidade un único parque, porque:

- Comparten subestación
- Solápanse as poligonais
- Comparten liña de evacuación e conexión
- Comparten infraestruturas viarias. As gabias de cableado do parque eólico Bustelo e Baralláns van parellas aos viais do parque eólico Alto do Torreiro.
- Parten da mesma promotora
- Afectan á mesma área xeográfica
- No proxecto do parque eólico Alto do Torreiro xa se deseñan os viais do proxecto Bustelo -Baralláns.

A fragmentación ou división artificiosa dun mesmo proxecto en varias partes pretende evitar unha axeitada avaliación ambiental ao ignorar os efectos sinérxicos e acumulados causados polo conxunto dos proxectos sobre os hábitats, especies, paisaxes, patrimonio, recursos e servizos ecosistémicos presentes nas áreas de desenvolvemento eólico atinxidas.

Este feito, xunto coas evidentes vantaxes administrativas (redución de prazos, tramitación prioritaria e prevalencia da utilidade pública) que para a empresa supón a interesada fragmentación en tres proxectos, lesiona o exercicio dos dereitos cidadáns de información e participación pública, perxudicando aos intereses xerais e mesmo aos particulares, ao mermarse a capacidade de resposta e de negociación coa promotora.

II.- EXCESIVOS PARQUES EÓLICOS E LIÑAS ELÉCTRICAS DE EVACUACIÓN NA MESMA ÁREA XEOGRÁFICA. PRESIÓN EÓLICA EXCESIVA.

Impacto non avaliado pola mercantil promotora. O interese público e a utilidade social do proxecto carece de base e xustificación. Cómpre ter en conta a presenza doutros parques moi próximos e que incluso bordean a liña do litoral, coa conseguinte afección paisaxística e ambiental. Non se avalían os impactos acumulados de todas as infraestruturas previstas e en tramitación ao longo da costa e con afección directa sobre a REDE NATURA 2000.

1.- Parque eólico Alto do Torreiro, en Cabana de Bergantiños.

2.- Parque eólico Bustelo e Baralláns, en Cabana de Bergantiños.

- 3.- Parque eólico Agrelo e Muriño, en Cabana de Bergantiños.
- 4.- Parque eólico Monte Chan, en Laxe.
- 5.- Parque eólico Soesto, en Laxe.
- 6.- Parque eólico Pena dos Mouros, en Laxe.
- 7.- Parque eólico de Corme (repotenciación), Rede Natura 2000, en Ponteceso.
- 8.- Parque eólico Monte Neme
- 9.- Parque eólico de Malpica
- 10.- Parque eólico As Salgueiras
- 11.- Parque eólico Silvarredonda
- 12.- Parque eólico O Cerqueiral
- 13.- Parque eólico Campelo
- 14.- Parque eólico Bustelo
- 15.- Parque eólico Monte Toural
- 16.- Parque Eólico Pedrarrubia
- 17.- Parque Eólico Monteagudo
- 18.- Parque eólico Mouriños
- 19.- Parque eólico Chan de Paraños
- 20.- Parque eólico Arteixo (modificado)
- 21.-Parque eólico Carboeiro
- 22.-Parque eólico Cerceda
- 23.-Parque eólico Coto Loureiro
- 24.-Parque eólico Inditex
- 25.-Parque eólico Laracha
- 26.- Parque eólico Meirama
- 27.-Parque eólico O Picoto
- 28.-Parque eólico Pena Queimada

- 29.-Parque eólico Pedrarrubia
- 30.-Parque eólico Pena Galluda
- 31.-Parque eólico Pico Cedeira
- 32.-Parque eólico Teixos

Liñas de evacuación

- C1 ART SPV 66 [1] 66 Kv En explotación 2008
- C1 ART SPV 66 [17] 66 Kv En explotación 2008
- C1 ART SPV 66 [8] 66 Kv En explotación 2008
- C1 BOA CBL 66 [52] 66 Kv En explotación 2008
- C1 BOA CBL 66 [74] 66 Kv En explotación 2008
- C1 CBL CBA 66 [48] 66 Kv En explotación 2008
- C1 GRN SBN 220 [20] 220 Kv En explotación 2008
- C1 GRN SBN 220 [7] 220 Kv En explotación 2008
- C1 LAR CBL 66 [1] 66 Kv En explotación 2008
- C1 LAR CBL 66 [24] 66 Kv En explotación 2008
- C1 MES VIM 220 [89] 220 Kv En explotación 2008
- C1 SBN ART 66 [1] 66 Kv En explotación 2008
- C1 SBN ART 66 [12] 66 Kv En explotación 2008
- C1 SBN ART 66 [14] 66 Kv En explotación 2008
- C1 SBN ART 66 [15] 66 Kv En explotación 2008
- C1 SBN ART 66 [2] 66 Kv En explotación 2008
- C1 SBN ART 66 [3] 66 Kv En explotación 2008
- C1 SBN ART 66 [7] 66 Kv En explotación 2008
- C1 SBN CFA 220 [3] 220 Kv En explotación 2008
- C1 SBN EIR 66 [1] 66 Kv En explotación 2008
- C1 SBN EIR 66 [14] 66 Kv En explotación 2008
- C1 SBN EIR 66 [15] 66 Kv En explotación 2008

C1 SBN EIR 66 [16] 66 Kv En explotación 2008	C1 SMC SBN 132 (36) 132 Kv En explotación 2008
C1 SBN EIR 66 [23] 66 Kv En explotación 2008	C1 SMC SBN 132 [36] 132 Kv En explotación 2008
C1 SBN EIR 66 [7] 66 Kv En explotación 2008	C1 SMC SBN 132 [46] 132 Kv En explotación 2008
C1 SBN EIR 66 [71] 66 Kv En explotación 2008	C1 UEM CBL 66 [11] 66 Kv En explotación 2008
C1 SBN INC 66 [3] 66 Kv En explotación 2008	C1 UEM CBL 66 [18] 66 Kv En explotación 2008
C1 SBN LAR 66 [1] 66 Kv En explotación 2008	C2 SBN INC 66 [13] 66 Kv En explotación 2008
C1 SBN LAR 66 [34] 66 Kv En explotación 2008	C2 SBN INC 66 [14] 66 Kv En explotación 2008
C1 SBN LAR 66 [46] 66 Kv En explotación 2008	C2 SBN INC 66 [27] 66 Kv En explotación 2008
C1 SBN LAR 66 [58] 66 Kv En explotación 2008	C2 SBN RPN 66 [27] 66 Kv En explotación 2008
C1 SBN LAR 66 [65] 66 Kv En explotación 2008	C2 SBN RPN 66 [29] 66 Kv En explotación 2008
C1 SBN MEI 220 [13] 220 Kv En explotación 2008	C2 SBN RPN 66 [30] 66 Kv En explotación 2008
C1 SBN MEI 220 [17] 220 Kv En explotación 2008	LIN 000038 66 [3] 66 Kv En explotación 2008
C1 SBN MEI 220 [20] 220 Kv En explotación 2008	LASAT 66 kV SET P.E. Monteagudo- SET Morás 66 Kv En trámitación 2019
C1 SBN MEI 220 [48] 220 Kv En explotación 2008	LAT 66 kV ST Corme-ST Cabana de Bergantiños
C1 SBN MEI 220 [9] 220 Kv En explotación 2008	LAT 66 kV ST Malpica-ST Cabana de Bergantiños
C1 SBN MES 220 [48] 220 Kv En explotación 2008	LAT 66 kV ST Monte Neme-ST Cabana de Bergantiños
C1 SBN RPN 66 [24] 66 Kv En explotación 2008	LAT. DE 63,3 KM Y 220 KV. MESON DO VENTO- VIMIANZO
C1 SBN SPV 66 [11] 66 Kv En explotación 2008	Liña de evacuación do parque eólico Pena Forcada-Catasol
C1 SBN SPV 66 [13] 66 Kv En explotación 2008	
C1 SBN SPV 66 [17] 66 Kv En explotación 2008	

II

No caso do proxecto do parque eólico Bustelo e Baralláns a lonxitude prevista de viais internos é de case 9 km (8.607 metros) ocupando unha superficie de 75.498 metros cadrados. A lonxitude das gabias é de case 13 km (12.830 metros), ocupando esta unha superficie total de 38.489 m².

A futura subestación transformadora "Bustelo e Baralláns" 220/30 kV sitúase na paraxe de Monte de Baralláns da parroquia de San Pedro de Corcoesto no termo municipal de Cabana de Bergantiños.

Permitirá a transformación da enerxía producida polos parques eólicos de Bustelo e Baralláns MS (36 MW) e Alto Torreiro MS (20,625 MW).

A subestación estará situada aproximadamente 6,7 km ao oeste da localidade de Coristanco e 400 m ao suroeste do núcleo de Baralláns, cunha cota media de 259,30 m. Desde esta subestación evacuarase a enerxía procedente dos parques eólicos mencionados no parágrafo anterior mediante unha liña aérea de alta tensión de 220 kV ata conectar nunha posición de liña coa subestación de Meirama 220 kV.

Esta liña non é obxecto do proxecto de interese autonómico.

A subestación construírse sobre unha plataforma rectangular que conta cunha superficie de 5.114 m² delimitada polos vértices que se indican no cadro seguinte

Na entorna do proxecto eólico existen ademais as seguintes liñas eléctricas:

- LAT situada a unha distancia de 249 metros ao suroeste da torre meteorolóxica TM-BB.
- LAT situada a unha distancia de 386 metros ao norte do aeroxerador BB-06.
- LAT situada a unha distancia de 406 metros ao suroeste do aeroxerador BB-01.
- LAT situada a unha distancia de 576 metros ao leste do aeroxerador BB-04.
- LAT situada a unha distancia de 582 metros ao suroeste do aeroxerador BB-05.

Non existe no EIA unha análise dos impactos acumulados e sinérxicos e todas estas infraestruturas eólicas.

I.VII.- Non se acredita a existencia do recurso eólico

I.VIII.- Non se xustifica a necesidade do proxecto nun área xeográfica que xa está inzada de parques eólicos.

III.- ANÁLISE DA LOCALIZACIÓN DOS AEROXERADORES E DA SUBESTACIÓN DO PROXECTO EÓLICO BUSTELO E BARALLÁNS. 268 METROS É A DISTANCIA QUE HAI DESDE O EÓLICO BB05 AO MONTE DE LESTÓN. A ESTACIÓN EÓLICA PREVESE INSTALAR MOI PRETO DOS NÚCLEOS E CON AFECCIÓN SEVERA ÁS FAMILIAS QUE VIVEN, RESIDEN E/OU TRABALLAN NESTES.

O eólico BB04 presenta unha afección severa ao Castro, ao Monte do Castro, ao Alto do Torreiro. Trátase dunha zona de gran riqueza arqueolóxica, non contemplada no EIA.

O eólico BB03 aséntase nunha zona de grande riqueza hídrica como pode ser As Fontes, o Picho de Fontes, o Vico de Fontes, o Rego de Rodís, a Fonte da Pulga, a Cova, as Covas, Fontes da Devesa, Portomadeira, a Fonte Cabalar, as Fontes da Devesa... Nos Pichos da Fonte nace o Rego das Fontes.

O Rego das Fontes atravesa Portomadeira e as Brañas das Balsañas ata tributar no Río do Grelo, preto do Casal de Campo, en Valenza de Abaixo.

A nivel arqueolóxico e patrimonial destacan as Calzadas, a Pena da Cruz, o Torno, as Medoñas, a Leira da Eira, o Cotón do Rato, Muíños da Burbia...

Os eólicos BB01 e BB02 están moi próximos entre sí. O eólico BB02 afecta de forma severa aos recursos hídricos.

O eólico BB01 afecta a recursos hídricos como Fonte Peto. Está moi preto de núcleos como Bustelo, A Mata, Casas da Chousa... e a paisaxes simbólicas e identitarias como o Pinar da Paxariña, o Monte Congo, o Monte da Xandra, ao Alto da Pontella, á Medoña do Medio,... etc., e a humedais como a Braña de Oreiro, o Monte Martín...


Na Areosa nace o Rego de Casais. O Rego de Martín que nace na paraxe de Martín atravesa a Agra do Muíño, as Burbias e a Vella Morta ata tributar no Río do Grelo, á altura da Chousa dos Carballos.

O Río do Grelo e o Río de Calvar únense na paraxe da Fontán, para continuar como Río Calvar. No Porto Bello, en San Xusto de Recende, recollen as augas do Regueiro que nace no Prado do Regueiro, atravesa a Ponteciña (preto da Cruz do Agrelo) en dirección a Porto Bello.

O aeroxerador BB06 ten unha afección paisaxística inasumible sobre a AEIP Val fluvial do Río Lourido. Ademais afecta ao val fluvial do Rego Batán e a recursos hídricos como a Fonte Carballo, Torrente, a Fontenla, as Regueiras...etc.


Por outra banda está moi preto de núcleos como A Cruz de Agrelo, O Cotón, a Pousada, Castrobó, a Serra, Vilaverde, as Cancelas, Lestón, O Ramallón, Gulúa, Cereo, Cereo Vello...etc. Cómpre ter en conta que son muíños de 200 metros con un impacto visual inasumible ao que hai que engadir as afeccións ao benestar e á saúde das familias.

A afección esténdese á Capela de Sta. Mariña do Remuíño, que forma parte da AEIP Val fluvial do Río Lourido, aos Montes de Muíño Mouro, aos Montes do Covelo, á Costa da Serra, ao Monte de Lestón, ao Monte Martín...etc.



268 metros é a distancia que hai desde o eólico BB05 ao Monte de Lestón.

O feito de non presentar a Relación de Bens e Dereitos Afectados limita os dereitos das persoas afectadas.



A subestación do Monte de Baralláns está moi pretodos núcleos de Baralláns e de Bello

O proxecto afecta de forma severa ás familias que viven, residen e/ou traballan nos seguintes núcleos:

- | | | |
|---|--|--|
|  Cereo Vello |  Edrada (A Hedrada) |  Vilaverde |
|  Cotón (O Cotón) |  Gulúa |  Fonte Lamela |
|  Cruz de Agrelo (A Cruz de Agrelo) |  Lodeiros |  Ponteciñas |
| |  Pousada |  Bustelo |

✚ Castrobó
✚ Lestón
✚ Portoquintás
✚ Ramallón (O Ramallón)
✚ Ribela (A Ribela)

✚ Serra (A Serra)
✚ Valencia (Valenza)
✚ A Costa
✚ Baralláns
✚ Bello

✚ Castro
✚ Baneira
✚ Riobóo
✚ Corcoesto

Impúgnase expresamente a validez do Estudo de Integración Paisaxística presentado pola promotora. Ningunha das infografías realizadas se refiren aos impactos sobre a AEIP Val fluvial do Río Lourido e aos núcleos indicados.

O impacto paisaxístico, visual e para o benestar das familias é inasumible.

IV Afeción moi severa e prexuízos significativos para os recursos hídricos. Vulneración flagrante da Directiva Marco da Auga (DMA). AUSENCIA DUN ESTUDO HIDROLÓXICO E HIDROXEOLÓXICO QUE GARANTA A CALIDADE DAS MASAS DE AUGA SUPERFICIAIS E SOTERRADAS E A NON AFECCIÓN AOS ACUÍFEROS:

Non existe un estudo hidrolóxico serio e rigoroso que analice os caudais dos cauces nin valore a calidade das augas.

Cauces afectados polo proxecto e tributarios do Río Anllóns.

✚ Río Anllóns
✚ Río Lourido e o seu val fluvial
✚ Rego Batán (afluente do anterior)

✚ Rego das Fontes
✚ As Regueiras
✚ Río do Grelo
✚ O Regueiro

✚ Rego de Rodís
✚ Rego de Abelán
✚ Río Calvar...etc.

O EIA é moi deficiente neste sentido. Nin siquiera contempla os impactos sobre os mananciais empregados para o consumo familiar e doméstico, agro -gandeiro e para a rega das fincas.

Cómpre ter en conta a proximidade da REDE NATURA 2000 e a ZEC Río Anllóns, onde tributan os cauces, moi próxima aos aeroxeradores BB-05 e BB-06.

Existe unha afeción severa a:

- Afeción con ensanche de estrada a zona de policía do Rego de Abelán
- Cruzamento de vial e gabia con Rego do Batán
- Afeción con gabia a zona de policía de curso hidrográfico innominado
- Cruzamento de gabia con Rego de Lourido
- Cruzamento de gabia con Rego de Lourido
- Afeción con gabia a zona de policía de Rego de Lourido
- Afeción con gabia a zona de policía de curso hidrográfico innominado
- Cruzamento de gabia con Río do Grelo
- Afeción con vial e gabia a zona de policía de Rego de Rodís

IV.- A AFECCIÓN PAISAXÍSTICA PARA A AEIP VAL FLUVIAL DO RÍO LOURIDO É INASUMIBLE QUE DESVIRTÚA A SÚA CATALOGACIÓN COMO AEIP.

A propia mercantil promotora recoñece no EIA que existe unha arección paisaxística moi severa.

V.- O PROXECTO DA ESTACIÓN EÓLICA BUSTELO E BARALLÁNS CAUSA PREXUIZOS IRREVERSIBLES PARA A AEIP VAL FLUVIAL DO RÍO LOURIDO. XERACIÓN DE FEÍSMO PAISAXÍSTICO E INCUMPRIMENTO FLAGRANTE DO CONVENIO EUROPO DA PAISAXE.

Óbviase por completo a análise de impactos sobre o Val fluvial do Río Lourido.

Óbviase que se prevén instalar dúas estacións eólicas, Alto do Torreiro e Bustelo -Baralláns, con afeción a PAISAXES PONDALIANAS.

VI.- AFECCIÓN SEVERA E IRREVERSIBLE PARA A PAISAXE SACRA DE SANTA MARGARIDA DE BANEIRA, A VÍA CÉLTICA, A RUTA MARIANA DE BANEIRA, A IGREXA DE SANTA MARÍA DE CEREIO E Á IGREXA DE VALENZA.

Non se ten en conta o itinerario da Vía Céltica. Ver: <http://www.viaceltica.com/blog/la-via-celtica/>

<http://www.viaceltica.com/blog/itinerario-es/>

VII.- IMPACTOS SOBRE A SAÚDE HUMANA E O BENESTAR DÁS FAMILIAS AFECTADAS. ÉXODO POBOACIONAL E O FENÓMENO DO RURAL BALEIRO.

Véxase: “Efectos de los parques eólicos e instalaciones eléctricas asociadas sobre la salud”.

<https://aliente.org/efectos-eolica-salud>

En base ao exposto anteriormente,

SOLICITA:

1.- O rexeitamento do proxecto de interese autonómico (PIA) e do proxecto do parque eólico Bustelo e Baralláns, nos concellos de Cabana de Bergantiños e Coristanco (expediente IN408A 2020/61), DOG Núm. 172, de 9 de setembro de 2022. Non é un proxecto serio e carece de rigor técnico. Os aerogeradores incumpren as distancias mínimas aos núcleos establecidas no PSE de Galicia e a veciñanza rexeitamos o proxecto de maneira manifesta e contundente. A afección á AEIP Val fluvial do Río Lourido é inasumible e os prexuízos para esta e para os montes, nunhas parroquias que se adica ao cultivo destes e á produción forestal e agrícola como Cereo, Valenza e Corcoesto non se xustifica. O proxecto carece de licenza social. Tampouco se xustifica a afección severa para a Vía Céltica e o ruta Mariana Sta. Margarida de Baneira -Valenza. Por todo isto e o indicado na parte expositiva deste escrito, o proxecto da estación eólica Bustelo e Baralláns debe ser rexeitado. A afección paisaxística para a AEIP Val fluvial do Río Lourido é inasumible que desvirtúa a súa catalogación como AEIP.

2.- A nulidade de todo o actuado no expediente expediente IN408A 2020/61, en tanto en canto non se permite o acceso público a unha parte do proxecto como é o proxecto da liña eléctrica de evacuación dos parques eólicos Alto do Torreiro e Bustelo -Baralláns. O proxecto da liña de evacuación nin foi publicado no DOG nin se pode acceder ao mesmo na web de Transparencia da Vicepresidencia e Consellería de Economía, Industria e Innovación: <https://economia.xunta.gal/transparencia/informacion-publica/en-tramitacion/instalacions-de-xeracion>

3.- Denúnciase a división artificiosa e fragmentación dos proxectos eólicos Alto do Torreiro e Bustelo -Baralláns aos efectos ambientais, xa que están a diluir os impactos da totalidade do conxunto e impiden a participación pública no proceso de avaliación ambiental.

4.- Abran un proceso público participativo, onde con carácter previo, a cidadanía afectada e o público poidan participar na localización do proxecto do parque eólico Alto do Torreiro e Bustelo -Baralláns, aos efectos paisaxísticos, de saúde e de benestar. Cómpre ter en conta que o Convenio europeo da Paisaxe indica que os obxectivos de calidade paisaxística determínanos a Administración, en base ás aspiracións da cidadanía, e non en base ás aspiracións dunha mercantil promotora que actua no mercado con ánimo de lucro. Polo tanto, estase a obviar a participación pública nun instrumento de ordenación do territorio tan importante e con tanta afección como é este proxecto industrial.

5.- Deberan someter a exposición pública a documentación ambiental dos proxectos eólicos no seu conxunto, xa que na realidade os parques eólicos Alto do Torreiro e Bustelo -Baralláns trátase dun único parque, incluída a liña de evacuación común e demais infraestruturas asociadas de conexión comúns, para non diluir ou reducir os impactos do conxunto e así facilitar a participación da cidadanía na análise dos impactos globais do conxunto, sobre todo de cara a analizar o impacto paisaxístico e garantir a existencia de corredores ecolóxicos.

Santa María de Cereo, 11 de setembro de 2022

ASDO.- _____